



# XOVES

## I+D+i

Estimado/a amigo/a:

O pasado 25 de novembro celebrouse na Coruña a VIII Conferencia do Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea en España, baixo o título **“Horizonte 2020: Primeiras experiencias e resultados”**, organizada polo [Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial \(CDTI\)](#) e o [Ministerio de Economía e Competitividad](#) co apoio da [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) e a [Comisión Europea](#).

Neste encontro o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, anunciou que Galicia aspira a acadar **máis de 120 millóns de fondos comunitarios no marco deste programa**, superando os máis de 80 millóns de euros captados no sétimo Programa Marco, co obxectivo de acadar un maior benestar social e un crecemento económico baseado nunha economía máis sólida e que xere emprego.

Para conseguir este obxectivo, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) presentou un **plan de dinamización da participación galega no programa Horizonte 2020**, que inclúe **24 actuacións** baseadas en **8 obxectivos estratéxicos**.

- Identificación e análise de entidades con potencial de participar en programas de I+D+i
- Información xeral sobre posibilidades de financiamento
- Asesoramento personalizado
- Formación
- Apoio á preparación de propostas
- Traballo en rede
- Busca de financiamento complementario
- Monitorización e seguemento do Plan Galicia Horizon 2020

Algunhas destas medidas xa están en funcionamento como o programa de **bonos de innovación** –para financiar os servizos de axentes intermedios especializados na preparación de propostas ás convocatorias estatais e internacionais-, a convocatoria **Instrumento PEME** –un servizo de apoio á presentación de proxectos ao programa H2020-, o **servizo de asesoramento** para a presentación de propostas ao programa europeo de I+D+i **Future Internet Public Private Partnership (FI-PPP)**, a participación na rede **Enterprise European Network** de apoio ao tecido científico-empresarial europeo, os propios servizos que ofrece a **Oficina de Programas Internacionais de I+D+i (OPIDI)** –de asesoramento, apoio e promoción-, así como as xornadas de presentación das oportunidades de financiamento dentro do programa H2020 organizadas por GAIN e CDTI ao longo deste 2014.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!